

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E O CLÚSTER DA FUNCIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS FORMATIVAS DE CUALIFICACIÓN E RECUALIFICACIÓN DA POBOACIÓN ACTIVA EN SECTORES ESTRATÉXICOS E MELLORA DAS CAPACIDADES PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha banda, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73, do 14 de abril), no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia (DOG núm. 23, do 21 de marzo).

Doutra parte, a Asociación Clúster da Función Loxística de Galicia, e no seu nome e representación Xoán Martínez Reboredo, con DNI 36157250P, en calidade de presidente da mesma e con poderes suficientes para este acto segundo o recollido nos seus estatutos, con NIF G94.194.594 e enderezo no Edificio CEM – Cidade da Cultura, Monte Gaiás, s/n 15707 Santiago de Compostela, A Coruña.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro. Que o 10 de decembro de 2024 subscribiron un convenio que recolle as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Asociación Clúster da Función Loxística de Galicia e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a realización de accións formativas, de carácter non formal, de cualificación e recualificación da poboación activa no sector da construción naval que se axusten ás necesidades máis inmediatas de formación do capital humano das empresas do ramo, e que permita a actualización das competencias profesionais ou a adquisición doutras novas no marco sectorial e empresarial do sector e que, con carácter orientativo, están recollidas no Anexo I do convenio e teñen vinculación co Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.



Segundo. Que no apartado 1 da cláusula terceira do convenio establécese que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará a cantidade total de catrocentos sesenta e nove mil seiscientos dez euros (469.610 €) con cargo á aplicación orzamentaria 44.03.323B.481.1 (código de proxecto 2022 00172) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento do obxecto do convenio e no marco do *"Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU"*, distribuída nas seguintes anualidades:

Anualidade	Orzamento
2024	219.555 €
2025	250.055 €

Terceiro. Que o obxecto desta addenda é modificar a distribución por anualidades establecida na cláusula terceira, coa finalidade de permitir a execución durante o ano 2025 do crédito non utilizado ata o 30 de novembro de 2024.

Tendo en conta o importe xustificado pola Asociación Clúster da Función Loxística de Galicia ata esa data, a distribución por anualidades queda do seguinte xeito:

Anualidade	Orzamento
2024	108.498,70 €
2025	361.111,30 €

E, en proba de conformidade cos termos da addenda, as partes asinan o exemplar no lugar e data indicados na cabeceira.

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

José González Vázquez

O presidente da Asociación Clúster da
Función Loxística de Galicia

Xoán Martínez Reboredo

